

PLAN DIXITAL

CPR Plurilingüe El Castro

[Versión 1.0_ xuño 2022]



Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- ✂ **Nome do Centro:** CPR Plurilingüe El Castro.
- ✂ **Dirección:** Avenida da Gran Vía 171-173. Vigo (Pontevedra). CP 36210.
- ✂ **Telf:** 986 48 17 62 **Correo electrónico:** colegioelcastro@gecastrosanmiguel.com
- ✂ **Páxina Web:** <http://www.gecastrosanmiguel.com>
- ✂ **Etapas educativas:**
 - Educación Infantil
 - Educación Primaria
 - Educación Secundaria
 - Educación Especial
- ✂ **Número de profesores:** 37
- ✂ **Número de alumnos:** 300
- ✂ **Instalacións:** aulas, despachos e gabinetes, aseos, patio cuberto, ximnasio, comedor escolar, aula taller-laboratorio, aula de informática, biblioteca e aula de educación especial.
- ✂ **Servizos:** Servizo de Madrugadores, Comedor, Actividades Extraescolares, Gabinete Psico-pedagógico.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Plurilingüe El Castro, pertencente ao Grupo Educativo Castro-San Miguel, ubícase nunha das principais arterias de Vigo. O centro é un CPR Plurilingüe legalmente recoñecido nos niveis educativos de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Especial, cunha única liña educativa. O perfil socioeconómico do alumnado é variado, existindo diversidade de situacións, aínda que a maioría das familias desempeñan postos de traballo nos sectores secundario e terciario.

En relación a organización administrativa, adóptase o organigrama establecido para centros de máis de 8 unidades con 3 órganos uninominais (director, xefe de estudos e secretario), órganos colexiados (claustro de profesores e consello escolar) e órganos de coordinación docente.

O Proxecto de Centro do Grupo Educativo fundaméntase sobre 5 pilares:

- ✂ Metodoloxía activa que fomenta o uso das TICs e o traballo colaborativo
- ✂ Disciplina baseada no diálogo
- ✂ Relación Colexio-Familia baseada na confianza e a comunicación
- ✂ Atención á diversidade
- ✂ Traballo en equipo do profesorado (coordinación de departamentos, proxectos interdisciplinares, actividades e eventos coa participación do Grupo Educativo)

A aposta pola innovación e as TICs é unha tónica xeral no Proxecto Educativo do Centro: cada ano desenvólvense diversos proxectos dixitais impulsados pola Xunta de Galicia así coma por outros organismos, empresas e institucións. Durante os cursos 20/21 e 21/22 o alumnado de EP participou no proxecto DigiCraft da Xunta para formación e reforzo das habilidades dixitais e das competencias asociadas a través do xogo e experimentación.

O uso da tecnoloxía é necesario nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, dende as relacións coas cuestións organizativas ata os procesos de ensino e aprendizaxe. Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizados; por mor disto deben dar respostas a estas necesidades e demandas, formando cidadáns do mañá coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno dixitalizado.

As organizacións educativas deben revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das TICs e dos recursos dixitais. Por este motivo é necesario abordar a tecnoloxía dende unha perspectiva global, entendendo o Centro como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora que poidan implantarse co pulo do equipo directivo do Centro.

O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg) permite facer unha análise da realidade do centro e deseñar un plan de acción. Este Plan Dixital de Centro, complementario do Proxecto Educativo de Centro, recolle as actuacións para mellorar a competencia dixital do Centro e de todos os sectores da comunidade educativa.

A infraestrutura tecnolóxica ten que ser definida de xeito coherente co Marco Pedagóxico e o Proxecto Educativo de Centro, e só esta subordinación da tecnoloxía á pedagogía garante unha integración sostible que promova a aprendizaxe.

Mediante a elaboración e implantación do Plan Dixital de Centro perséguese os seguintes obxectivos:

-  Avaliar a situación do Centro con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave recollidos no Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes.
-  Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
-  Transformar o Centro educativo nunha organización que aprende, algo só posible sendo unha organización dixitalmente competente.
-  Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital.

O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa:

-  Visualizar onde quere que chegue o Centro.
-  Entender onde está actualmente.
-  Trazar o camiño que leve dun estado ao outro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación [LOE], modificada pola Lei Orgánica 3/ 2020 de 29 de decembro [LOMLOE] establece no seu artigo 2. l) como un dos fins do sistema educativo a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e o aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respetuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva.

No seu **artigo 19**, dispón como un dos seus principios pedagóxicos que sen perxuízo do seu tratamento específico nalgúñas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendimento traballarán en todas as áreas.

No **artigo 102**, con respecto a formación permanente, recolle que as Administracións Educativas promoverán a utilización das TICs e a formación tanto en dixitalización coma en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación nestes ámbitos.

Finalmente, no **artigo 111bis**, establece diferentes aspectos sobre as TICs no proceso de ensino-aprendizaxe e no **artigo 121** di que o Proxecto Educativo de Centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.

A disposición adicional quinta da **Resolución de 17 de Xuño de 2021**, así como a disposición adicional terceira da **Resolución de 18 de Xuño** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, establecen que os centros docentes elaborarán no curso 2021/2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A **Resolución de 3 de setembro** de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de Centro recolle as ideas principais, determina as prioridades e establece os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que aporta, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderazgos distribuídos que permitan o cambio.

As etapas seguidas na elaboración do presente Plan Dixital foron:

1. Formación do equipo de dinamización do Plan Dixital

A utilización e eficacia dos recursos TIC e das actuacións implantadas dependerán da capacidade do centro de involucrar ao profesorado na súa aplicación. Neste senso, é importante contar con persoas capacitadas responsables da dinamización de accións que potencien a formación, a investigación e a innovación no centro educativo. Constitúuse un equipo de dinamización que liderará a implantación do Plan Dixital coas seguintes funcións:

1. Propor ideas, dinamizar e coordinar as propostas que se elevan ao equipo directivo na integración das TIC de forma que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e impliquen de forma efectiva ao resto de docentes no proceso.
2. Dar a coñecer o Plan Dixital, informando ao profesorado sobre as novas ferramentas, os produtos e sistemas relacionados coas TIC dispoñibles para o ensino.
3. Orientar e apoiar ao profesorado na integración das TIC para o desenvolvemento da competencia dixital, utilizando novas estratexias metodolóxicas.
4. Actuar como elemento dinamizador e coordinar no centro cantas iniciativas e proxectos xordan entre o profesorado e o alumnado, relacionadas coas TIC.

5. Coordinar a dinamización do uso das ferramentas e servizos web (aulas virtuais, blogs, redes sociais, wiki, multimedia, etc.).

6. Identificar e aplicar medidas de seguridade e prevención de riscos na operación de equipos tecnolóxicos, coñecer e aplicar os principios legais e éticos asociados ao uso de información dixital, os dereitos de propiedade intelectual e as licenzas de uso.

7. Manter actualizado o inventario dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

8. Establecer as xestións necesarias para a adquisición de novos materiais ou recursos informáticos, así como da incorporación de novas tecnoloxías.

2. Diagnose da situación dixital do centro (análise da realidade do centro en relación ao uso de tecnoloxías dixitais):

2.1 Ferramenta de autoavaliación SELFIE (do 09/12/21 ao 21/12/21): SELFIE reúne, de forma anónima, as opinións do alumnado, profesorado e equipo directivo sobre o xeito en que se utiliza a tecnoloxía no centro. Para acadalo, efectúase unha enquisa onde se empregan preguntas e enunciados breves e unha escala sinxela de valoración. A ferramenta SELFIE propón unha análise do centro baseada en 7 elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Sobre a base desta información, a ferramenta xera un informe dos puntos fortes e débiles do centro educativo en relación co uso que realiza das tecnoloxías dixitais para a docencia e o aprendizaxe.

2.2 Test de Competencia Dixital Docente (11/03/22): O Informe Individual do test CDD permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP (programas de formación permanente do profesorado).

2.3 Consolidación da ferramenta SELFIE (do 31/01/22 ao 13/02/22)

2.4 Análise DAFO (07/04/22): ferramenta que estuda as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades) que permitirán a análise da situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

3. Elaboración do Plan de Acción (05/06/22): A partir do DAFO elaborado establecerase unha selección de obxectivos prioritarios, buscando que solucionen debilidades ou afronten ameazas aproveitando, se é posible, as fortalezas e as oportunidades.

Para completar a redacción dos obxectivos cumprindo as recomendacións anteriores, faise preciso concretar ata onde queremos chegar para cada un deles e con que elementos. Esta información reportará os indicadores e os seus valores de partida e de chegada. Un indicador ten como finalidade axudar á recollida de datos, polo tanto debe responder a escalas numéricas, ir acompañado dun valor de partida que informa da situación inicial do obxectivo, e dun valor previsto que reflicte a situación á que queremos chegar, o que nos permitirá valorar se temos acadado ou non o obxectivo. A data límite para conseguilo establece o marco temporal no que se debe alcanzar o valor previsto.

Para lograr os obxectivos anteriores debemos concretar accións que os desenvolvan, elixir os responsables das mesmas (áreas, departamentos, docentes...), acordar unha temporización (data de fin prevista), determinar os recursos necesarios, (materiais e humanos) e valorar o seu cumprimento facendo un seguimento do estado (realizada, pendente ou aprazada).

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CPR Plurilingüe El Castro dispón de diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, profesorado e alumnado.

INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO

Infraestrutura de voz

- Telefonía (4 teléfonos fixos / sen fíos)
- Intercomunicadores (en 17 aulas + secretaría + dirección)

Infraestrutura de datos

- 2 routers empresariais.
- 9 switches.
- Conexión de rede cableada (100 Mbps) en todas as aulas e despachos do Centro.
- Conexión de rede sen fíos: 6 puntos de acceso a rede wifi (secretaría, eso, primaria, infantil, sala de profesores e educación especial).

Equipamento

- 2 PCs sobremesa na Sala de Profesores (inclúen monitor, teclado, rato e sistema operativo Windows 10 profesional).
- 1 PC sobremesa (inclúe monitor, teclado, rato e sistema operativo Windows 10 profesional) e 1 portátil (rato, Windows 7) na Secretaría do centro.
- Todas as aulas de Primaria (1ºP a 6ºP) e de ESO (1ºESO a 4ºESO), así como a aula de Educación Especial, dispoñen de PC sobremesa do profesor (inclúe monitor, teclado, rato e sistema operativo Windows 10 profesional), 2 altosfalantes externos, proxector con mando e pizarra dixital.
- A Aula Taller-Laboratorio e a Aula de Informática dispoñen de PC sobremesa do profesor (inclúe monitor, teclado, rato e sistema operativo Windows 10 profesional), 2 altosfalantes externos e pantalla de proxección.
- Nas aulas de Infantil (4I, 5I e 6I) dispónse dun PC sobremesa do profesor con monitor de 26 pulgadas (inclúe teclado, rato, altosfalantes e sistema operativo Windows 7 profesional), así como de 2 portátiles (rato, windows 7) con monitores de apoio de 18 pulgadas, altosfalantes e 2 pantallas dixitais.
- Aula de Informática con 16 PCs sobremesa con monitor, teclado, rato, sistema operativo Linux Mint e conexión de rede cableada (100 Mbps).
- 5 portátiles para uso do alumnado (sistema operativo Windows 7 profesional, webcam integrada, rato).

- 11 Portátiles para uso do alumnado con webcam e sistema operativo Ubuntu (Proxecto Digicraft).
- 7 webcams externas con conexión USB.
- 2 Fotocopiadoras-Impresoras de rede.
- Cables e conectores: RJ45, RJ11, VGA, HDMI, USB, DVI, minijack, RCA, SATA, AC/DC, Display Port, Splitters,...

SERVIZOS DIXITAIS

- Plataforma dixital Google Suite: Classroom, Gmail, Meet, Drive, Docs, Chat, Calendar,... A comunicación co alumnado efectúase a través de Classroom, do correo electrónico ou do Chat.
- Espazo Abalar. A comunicación coas Familias efectúase a través do correo electrónico ou da aplicación Abalar da Xunta de Galicia.
- Páxina Web actualizada
- Canle de Youtube
- Conta de Instagram.
- Licenzas de Antivirus NOD32

XESTIÓN DO MANTEMENTO E DO EQUIPAMENTO

O mantemento da rede e dos equipos informáticos do centro é levado a cabo polo Coordinador TIC. Dispónse tamén dun técnico de apoio pertencente ao Grupo Educativo.

RECURSOS DO ALUMNADO

Efectuouse unha análise de situación dos recursos das familias/alumnado para o aprendizaxe no fogar durante 2020 e 2021, segundo a seguinte táboa:

CURSO									
ALUMNO	ORDENADOR		USO		TABLET	MÓVIL	INTERNET		IMPRESORA
	PC	Portátil	Personal	Compartido			ADSL o Fibra	Internet Móvil	Sin conexión

Detectáronse deficiencias de conectividade e dispositivos a nivel de grupo/clase:

- Un 15% do alumnado usa o teléfono móbil como dispositivo.
- Un 3% do alumnado manifestou non ter acceso a Internet.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A análise DAFO é unha ferramenta que estuda as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades) que permitirán a análise da situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións. Para levalo a cabo, utilizouse a ferramenta de autoavaliación **SELFIE** así coma o Test de Competencia Dixital Docente (**Test CDD**).

A Comisión Europea desenvolveu a ferramenta de autoavaliación SELFIE que permite obter en liña un informe de autoavaliación do centro. Para a análise da situación e realizar

un seguimento do centro no ámbito da innovación escolleuse esta ferramenta, que organiza a información segundo 8 áreas recollidas na seguinte táboa:

Areas
A -Liderado
B- Colaboración e redes
C- Infraestruturas e Equipos
D- Desenvolvemento profesional continuo
E- Pedagogía: Apoio e Recursos
F- Pedagogía: Implementación na aula
G- Prácticas de avaliación
H- Competencias dixitais do alumnado

O Informe Individual do test CDD indica o nivel de competencia dixital orientativo e ofrece suxestións para desenvolver a competencia dixital. En base a estes resultados, cada docente pode planificar o itinerario de aprendizaxe cara ao uso das tecnoloxías dixitais na práctica profesional. O informe de centro do Test CDD ofrece os resultados agrupados da autorreflexión do profesorado participante, indicando un nivel de competencia dixital orientativo que servirá para poder planificar a formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente a través dos PFPP (programas de formación permanente do profesorado).

NIVEIS DE COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

Principiante (A1) [Puntuación 0 - 32]

É consciente de que as tecnoloxías dixitais poden apoiar e mellorar a súa práctica pedagóxica e profesional. Coa retroalimentación que obtén desta autorreflexión identificou unha serie de accións que pode levar a cabo. Selecciona unha ou dúas destas accións para planificar o seu próximo itinerario de aprendizaxe, centrándose en mellorar significativamente as súas estratexias de ensino. Mentres o fai, atoparase avanzando cara ao seguinte paso da competencia dixital, o nivel de Explorador/a.

Explorador/a (A2) [Puntuación 33 - 64]

Comezou a explorar o potencial das tecnoloxías dixitais e está interesado en utilizalas para mellorar a súa práctica pedagóxica e profesional. Probou a utilizar tecnoloxías dixitais

nalgunhas áreas e beneficiarase dun uso máis constante. Pode aumentar a súa competencia utilizando as tecnoloxías dixitais en contextos e fins diversos, integrándoas nas súas prácticas. Isto permitiralle avanzar cara o nivel de Integrador/a.

Integrador/a (B1) [Puntuación 65 - 96]

Experimenta coas tecnoloxías dixitais nunha variedade de contextos e para unha variedade de propósitos, integrándoas nas súas prácticas. Úsaas de xeito creativo para mellorar diversos aspectos do seu compromiso profesional. Interésalle ampliar o seu repertorio de prácticas docentes. Beneficiarase ao aumentar a súa comprensión sobre que ferramentas funcionan mellor en cada situación e sobre como adaptar as tecnoloxías dixitais ás estratexias e métodos pedagóxicos. Intente darse un pouco máis de tempo para a reflexión e a adaptación, coa axuda do estímulo colaborativo e o intercambio de coñecementos, para acadar o seguinte paso, Experto/a.

Experto/a (B2) [Puntuación 97 - 128]

Utiliza unha variedade de tecnoloxías dixitais de maneira segura, creativa e crítica para mellorar a súa práctica pedagóxica e profesional. Selecciona as tecnoloxías dixitais con criterio para cada situación e trata de comprender os beneficios e os inconvenientes das diferentes estratexias dixitais. É unha persoa curiosa e aberta a novas ideas, sabendo que hai moitas opcións que aínda non probou. Utiliza a experimentación e a reflexión como medio para redeseñar, ampliar, estruturar e consolidar o seu repertorio de estratexias. Comparte a súa experiencia con outro profesorado e continúa desenvolvendo, de xeito crítico, as súas estratexias dixitais para alcanzar o nivel de Líder.

Líder (C1) [Puntuación 129 - 160]

Ten un enfoque coherente e integral sobre o uso das tecnoloxías dixitais co fin de mellorar as súas prácticas pedagóxicas e profesionais. Emprega un amplo repertorio de estratexias dixitais entre as que sabe elixir a máis apropiada para cada situación. Reflexiona continuamente e segue a desenvolver as súas prácticas. Ao intercambiar experiencias cos seus compañeiros, está ao día nos novos avances e ideas e axuda a outro profesorado a aproveitar o potencial das tecnoloxías dixitais para mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe. Se está disposto a experimentar un pouco máis e a involucrar o alumnado no afondamento do potencial das tecnoloxías dixitais no centro e fóra del, poderá alcanzar a etapa de competencia Pioneiro/a.

Pioneiro/a (C2) [Puntuación 161 - 192]

Reflexiona de xeito crítico sobre a adecuación das prácticas dixitais e pedagóxicas actuais nas que é Líder. Preocúpanlle as limitacións ou os inconvenientes destas prácticas e ten a motivación para innovar aínda máis no eido da educación. Experimenta coas tecnoloxías dixitais altamente innovadoras e complexas e/ou desenvolve enfoques pedagóxicos novos. Lidera a innovación no seu centro e é un modelo a seguir para outro profesorado. Expande as súas prácticas fóra da comunidade escolar e involucra os axentes educativos en futuros proxectos. Siga receptivo/a a novas ideas e estea ao día nos continuos avances tecnolóxicos e pedagóxicos para mellorar as súas solucións creativas e innovadoras.

Nas seguintes táboas amósanse os datos do test CDD realizado polo persoal docente:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	26	41	63,4
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Nivel de competencia
Integrador B1

Ademáis da enquisa SELFIE e do test CDD, a análise DAFO tivo en conta:

- Análise dos recursos do alumnado.
- Análise da infraestrutura, recursos e estado do centro.
- Análise da situación actual.

2.3. Análise DAFO

A partir do informe SELFIE, do test CDD, así coma de outros aspectos como os recursos do alumnado, a infraestrutura, recursos e estado do centro e a análise da situación actual, xerouse unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro na contorna dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos dos obxectivos e accións a desenvolver.

Conclusións DAFO

1. O equipo directivo establecerá unha estratexia dixital, involucrando ao profesorado e promovendo a súa implantación.
2. Utilizar as ferramentas dixitais para mellorar a eficacia e a eficiencia dos procedimentos administrativos e relacionados coa comunicación.
3. Fomentar o traballo colaborativo entre o alumnado a través das tecnoloxías para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe.
4. Fomentar a colaboración mediante tecnoloxías dixitais con outras organizacións.
5. Avaliación do progreso no proceso de ensino-aprendizaxe mediante tecnoloxías dixitais.
6. Utilizar programas e contornas que faciliten a aprendizaxe e favorezan potenciar a súa expresión e comunicación con outros compañeiros/as da súa contorna ou de fóra.
7. Renovación da infraestrutura tecnolóxica. Búsqueda de recursos económicos (ANPA, Subvencións, Axudas, Proxectos, Empresas...).
8. Empleo de rede wifi para os dispositivos propios do alumnado.
9. Dispor de asistencia técnica para resolver os problemas cos equipos dixitais do centro.

3. Plan de Acción

A implantación do plan de acción efectuaráse durante o curso 22/23, segundo a prioridade de actuación requirida. Prestarase especial atención a combater a brecha dixital e a a formación do profesorado e do alumnado.

Cada unha das accións propostas asóciase a un obxectivo medible, real, planificado e axustado as necesidades do centro. Determináronse indicadores que permitirán medir a consecución dos obxectivos durante a implantación e ao término do curso.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estará supeditada as necesidades detectadas na enquisa SELFIE, a análise dos recursos dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e o mantemento necesario) e o test CDD, que permitiron crear un DAFO cuxo análise deu lugar ao Plan de Acción con obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados ao marco temporal de estudo.

Obxectivos para o curso 2022/23:

1. Mellorar o nivel de competencia dixital docente do centro.
2. Posta en marcha de ferramenta centralizada de mellora da asistencia técnica
3. Renovación de equipamento informático obsoleto.
4. Fabricación de carro de carga para 20 portátiles.
5. Remodelación da aula de informática
6. Medida e instalación de 3 soportes de teito para proxector.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Aula Informática: cambio da disposición dos postos de traballo (16 postos).

Actualmente en forma de U, desaproveitando o espazo central. Variación a disposición coas bancadas en filas: prevéase aumentar os postos de traballo e a mellora da atención do alumnado durante a clase. As distintas fases para a reestruturación do aula son:

- Toma de medidas da aula e das bancadas de traballo.
- Elaboración dun deseño para a nova disposición do aula.
- Determinación de necesidades de equipamento: bancadas, cable de rede, switches e/ou router, cable eléctrico e tomas de corrente.
- Determinar a cantidade de ordenadores necesarios.
- Adquisición de equipamento e ordenadores.
- Montaxe de bancadas, equipos informáticos, instalación eléctrica e de rede.

Renovación de equipamento obsoleto e licenzas.

Búsqueda de financiación para a substitución de:

- Ordenadores con sistemas operativos antigos e funcionamento limitado.
- Proxectores de bombilla: substitución por proxectores LED.
- Licenzas de pago en ferramentas educativas.

A financiación podería obterse mediante colaboración do ANPA, Subvencións e Axudas da Autoridade Educativa, Participación en Proxectos, Convenios con Empresas...).

Posta en marcha dun servizo de mantemento informático eficaz no Centro.

- Creación de ferramenta dixital para levar un rexistro de incidencias actualizado, tanto na Aula de Informática coma en todo o Centro.
- Asignación de persoal de mantemento e horas de traballo para:
 - ▢ Actualización e mantemento de software e hardware dos PCs.
 - ▢ Xestión de Licenzas de software: antivirus, ofimática, plataforma dixital,...
 - ▢ Mantemento e reparación de avarías (sustitución de teclados, ratos, cables e conectores, discos duros/memorias RAM, pantallas, erros de conectividade da rede,...)
 - ▢ Montaxe de webcams, cables extendidos e monitor de apoio para videoclases.
 - ▢ Mantemento das impresoras-fotocopiadoras de rede.
 - ▢ Mantemento de Proxectores, Pizarras Dixitais e Lápices Ópticos.
 - ▢ Montaxe de PLC para xerar rede wifi sen contraseña para os dispositivos do alumnado (móbil, portátil ou tablet) para efectuar actividades dixitais na súa aula.
 - ▢ Grabación e difusión en streaming de eventos.

Táboa 1 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Colaboración e redes (B)							
1. OBXECTIVO (1): 1		Mellorar o nivel de Competencia Dixital Docente do Centro				Acadado	
RESPONSABLE:		Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Test CDD					
Valor de partida (3)		Participación: 63,4% . Nivel CDD de Centro B1 (Puntuación 75,2).					
Valor previsto e data (4)		Participación: 75% . Nivel CDD de Centro B1 (Puntuación media Galicia 76,4).			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Reunión inicial do claustro e equipo directivo para detectar as necesidades en relación a competencia dixital docente	Equipo directivo	05/09/22	Sala de reunións Test CDD de Centro Plan Dixital		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Preinscripción nunha liña do PFPP axeitada as necesidades do profesorado	Equipo directivo Coordinador PFPP	15/09/22	FProfe e Formularios		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Inscripción oficial na liña do PFPP	Equipo directivo Coordinador PFPP	01/10/22	FProfe e Formularios		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Contactar co CFR para	Coordinador	01/10/22	Directorio do CFR		Realizada		

buscar poñentes que se axeiten as necesidades detectadas	PFPP				Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Realización do PFPP e valoración final deste co fin de plantexar melloras para o próximo curso	Claustro	30/05/2023	Poñentes do CFR Webs Aplicacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Realización do test CDD para comprobar se houbo melloras na competencia dixital do profesorado	Claustro	10/06/2023	Fprofe e Test CDD		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos (C)							
2. OBXECTIVO (1): 2		Por en marcha unha ferramenta centralizada para a mellora da asistencia técnica no Centro				Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		% de incidencias xestionadas					
Valor de partida (3)		Non existe					
Valor previsto e data (4)		75 % de incidencias xestionadas			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Estudo de solucións para xestión de incidencias: software libre	Coordinador TIC Profesorado área técnica	20/09/22	Sala de Reunións Videoconferencia Equipos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Seleccionar a ferramenta que mellor se adapte aos requisitos do centro	Equipo directivo Coordinador TIC	10/10/22	Equipos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Implementación e posta en marcha da ferramenta	Coordinador TIC	01/11/22	Equipos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.4: Formación do profesorado no uso da ferramenta implementada	Coordinador TIC Profesorado	01/12/22	Sala de Reunións Equipos informáticos			Realizada	
						Aprazada	

	área técnica Profesorado				Pendente	
A02.5: Creación de tickets na ferramenta implementada	Coordinador TIC Profesorado	10 de Xuño de 2023	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos (C)							
3. OBXECTIVO (1): 3		Renovar equipamento informático obsoleto.				Acadado	
RESPONSABLE:		Coordinador TIC, Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Número de equipos sustituidos					
Valor de partida (3)		0 equipos sustituidos					
Valor previsto e data (4)		4 equipos sustituidos			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Actualización do inventario e selección do equipamento a substituir	Coordinador TIC	28/06/22	Equipos informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Búsqueda de financiación (fondos propios, subvencións, participación en proxectos, Edixgal,...)	Xefes de Departamento Equipo directivo Coordinador TIC	08/10/22	Equipos informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Posta en común de formas de financiación	Xefes de Departamento Equipo directivo Coordinador TIC	08/11/22	Sala de reunións Equipos Informáticos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.4: elección da forma de financiación e adquisición do equipamento	Coordinador TIC Equipo directivo	16/12/2022	Equipos Informáticos		Realizada		
					Aprazada		

					Pendente	
AO3.5: Montaxe, posta a punto do equipamento e actualización do inventario	Coordinador TIC	30/06/23	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 4 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos (C)							
4. OBXECTIVO (1): 4		Fabricar carro de carga para 20 portátiles.				Acadado	
RESPONSABLE:		Coodinador TIC, Equipo de mantemento				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		Carro de carga operativo					
Valor de partida (3)		Non hai					
Valor previsto e data (4)		Carro de carga operativo			08/09/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO4.1: Documentación, elección de materiais e deseño do carro	Coordinador TIC	30/06/22	Equipo informático		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Elaboración do presuposto e adquisición de materiais	Coordinador TIC Equipo directivo	30/06/22	Equipo informático		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Fabricación, montaxe e posta a punto do carro de carga	Coordinador TIC Equipo de Mantemento	08/09/22	Ferramentas e materiais		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.4: Formación do profesorado no uso do carro de carga	Coordinador TIC Profesorado	08/10/22	Sala de reunións		Realizada		
					Aprazada		

					Pendente	
--	--	--	--	--	----------	--

Táboa 5 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos (C)							
5. OBXECTIVO (1): 5	Remodelación da Aula de Informática					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, Equipo de Mantemento					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO (2)	Aula de Informática con 16 equipos e bancadas dispostas en fileiras.						
Valor de partida (3)	Disposición do aula en forma de U, con 16 postos de traballo						
Valor previsto e data (4)	Disposición do aula con bancadas en filas, con 16 postos de traballo				08/09/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO5.1: Toma de medidas no aula	Coordinador TIC	22/06/22	Metro Plano		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2: Novo deseño do aula de informática	Coordinador TIC	23/06/22	Equipo Informático		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: Detección de necesidades	Coordinador TIC	24/06/22	Inventario		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.4: Adquisición de	Coordinador TIC	30/06/22			Realizada		

equipamento	Equipo Directivo		Financiación		Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Montaxe	Coordinador TIC Equipo de Mantemento	07/09/22	Materiais e ferramentas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 6 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos (C)							
6. OBXECTIVO (1): 6	Medida e instalación de soporte de teito para proxector en 3 aulas.					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, Equipo de Mantemento					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO (2)	Instalación de 3 soportes de teito						
Valor de partida (3)	3 Soportes de teito ubicados a distancia non óptima						
Valor previsto e data (4)	3 Soportes de teito en ubicación óptima				08/09/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO5.1: Toma de medidas nas aulas	Coordinador TIC	30/06/22	Metro Plano da aula		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2: retirada do soporte de teito actual	Equipo de Mantemento	08/09/22	Ferramentas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: instalación na nova ubicación do soporte de teito	Equipo de Mantemento	08/09/22	Ferramentas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.4: Posta a punto do proxector na nova ubicación	Coordinador TIC	08/09/22	Proxector Soporte de teito		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos marcados. A frecuencia de seguimento da consecución dos obxectivos marcados será como mínimo unha vez ao trimestre. Cada unha das accións propostas neste plan teñen uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas materialicen. A avaliación final realizarase como mínimo unha vez ao ano. Coa análise destes indicadores, elaborase un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

4.2 Propostas de mellora

Obxectivos futuros:

7. Promover unha estratexia dixital involucrando ao profesorado e facilitando a súa implantación.
8. Mellora do servizo de mantemento técnico do centro.
9. Usar ferramentas dixitais para mellorar a eficacia e eficiencia dos procedimentos administrativos e de comunicación.
10. Mantemento e mellora da comunicación virtual: páxina web e redes sociais como medio difusor de información relevante.
11. Fomentar a colaboración mediante tecnoloxías dixitais con outras organizacións.
12. Avaliación do progreso no proceso de ensino-aprendizaxe mediante tecnoloxías dixitais.
13. Fomentar o traballo colaborativo entre o alumnado a través das TIC para enriquecer o proceso ensino-aprendizaxe.
14. Utilizar programas e contornas que faciliten o seu aprendizaxe e favorezan potenciar a súa expresión e comunicación con outros compañeiros e compañeiras da súa contorna ou de fóra da súa contorna próxima.
15. Proporcionar ferramentas ao alumnado (EP, ESO) para saber analizar a fiabilidade da información obtida na rede.
16. Deseño de proxectos interdisciplinares nos que se empreguen as TICs.
17. Emprego de rúbricas para a avaliación de traballos, facilitando a retroalimentación axeitada ao alumnado a través da plataforma dixital.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital, será distribuído a comunidade educativa mediante un enlace a través da páxina web do centro. O Plan Dixital tamén será almacenado nos ordenadores da sala de profesores nunha carpeta denominada Plan Dixital 2022_2023.